

ACTA DO XURADO DO III CERTAME ESCOLAR INTERNACIONAL DE PODCASTS XOSÉ MOSQUERA PÉREZ, “O VELLO DOS CONTOS”

O xurado do III Certame Escolar Internacional de Podcasts Xosé Mosquera Pérez, “O vello dos contos”, reuniuse virtualmente para valorar os podcasts e os relatos radiofónicos enviados polos máis de trinta centros participantes nesta terceira edición.

Este certame, organizado polo IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago de Compostela e Arraianos Producións, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e o apoio do colectivo Ponte nas Ondas, conta tamén coa colaboración da Escola Superior de Arte e Deseño Mestre Mateo (cuxo alumnado crea as pezas únicas que reciben os/as finalistas), a Fundación Rosalía de Castro, Oral de Galicia, Radio Galicia - Cadena Ser, o Museo do Pobo Galgo, a Real Academia Galega e o Parlamento de Galicia.

O xurado, logo de valorar os 65 podcats enviados polos 32 centros educativos que se presentaron ao certame e de compartir opinións acerca dos extraordinarios traballos recibidos, acordou por unanimidade, en concordancia coas bases do concurso, declarar finalistas os seguintes traballos en cadansúa categoría:

FINALISTAS NA CATEGORÍA DE PRIMARIA:

- Mestre Manuel García. “Vibrando con Xela”.
- Mestre Valverde Mayo. "Lembranzas no café de Sarria".
- CPI Plurilingüe José García. “A desorde de Xela”.
- CEIP Santo Tomé: "As que viaxan co tempo".
- CEIP Xoaquín Loriga: “Festa da palabra”.
- CEIP Raíña Fabiola: “Nai”.
- CEIP O Coto. "A fala".

FINALISTAS NA CATEGORÍA DE SECUNDARIA:

- IES Fontexería: "Xela nas ondas".
- IES A Basella: "Xela Arias".
- CPI Virxe da Saleta, "Sweet Xela".
- IES A Sangriña: "Sinxelamente Xela".
- IES de Arzúa: "Reinterpretando a Xela".
- IES Eduardo Pondal: "Escoitando a Sara".
- IES Pedras Rubias, "Falámosvos a vós, NAIS. E a ti, XELA."

O xurado tamén decidiu por unanimidade outorgarlle un premio especial ao *podcast* titulado "Xela", realizado polo alumnado do CEE Saladino Cortizo de Vigo.

Logo de destacar a alta participación no certame e o extraordinario nivel dos traballos realizados e valorar o esforzo do alumnado e do profesorado, acorda convidar os centros finalistas ao **acto de entrega de premios que se vai realizar o vindeiro venres, 11 de xuño, ás 12.30 horas, no IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela** e a todos os participantes a visitar a web do certame www.ovellodoscontos.gal onde se publicarán os traballos finalistas desta edición.



IES PLURILINGÜE
ROSALÍA DE CASTRO
SANTIAGO DE COMPOSTELA




Comisión
Antonio Fraguas Fraguas

SEIZ Radio
Galicia

PNO!
FORBIC...TIAS ONDAS!



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Equipos de
Dinamización
da Língua Galega



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA